

# Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social

Período de referencia: Abril de 2025

Data de publicación: 6 de maio de 2025

## ÍNDICE


|                                                  |   |
|--------------------------------------------------|---|
| Principais resultados .....                      | 2 |
| Información xeral .....                          | 2 |
| Información por provincias .....                 | 4 |
| Información segundo o réxime de afiliación ..... | 4 |
| Notas metodolóxicas .....                        | 6 |

---

## 1. Principais resultados

- No mes de abril de 2025, o número de afiliacións en Galicia situouse en 1.087.434, polo que aumentou un 1,79 % respecto ao mesmo mes do ano anterior. No conxunto estatal, rexistrouse unha taxa de variación interanual do 2,31 %.
- En Galicia, en termos interanuais, as afiliacións ao réxime xeral subiron un 2,47 %, mentres que no réxime especial de autónomos baixaron un 0,49 %.

**Gráfico 1. Evolución das taxas de variación interanuais (%)**



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2. Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril de 2025 acadou a cifra de 1.087.434 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de marzo de 8.038 afiliacións (0,74 %). Para o conxunto estatal, a cifra de afiliacións sitúase en 21.588.639, rexistrando un aumento do 1,08 % con respecto ao pasado mes de marzo.

Na comparativa interanual (abril de 2025 con abril de 2024) obsérvase un aumento de 19.099 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,79 %) e un aumento do 2,31 % (487.134 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2025, rexístrase un incremento das afiliacións en todas as comunidades autónomas, sendo Illes Balears (11,99 %) e Andalucía (1,56 %) as que experimentan o maior incremento.


En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias (3,28 %) e Illes Balears (3,17 %).

## Cadro 1. Evolución das afiliacións por comunidade autónoma

| CCAA                 | Afiliación media Abril<br>2025 | Variación mes anterior<br>absoluta | Variación mes anterior<br>relativa | Variación ano anterior<br>absoluta | Variación ano anterior<br>relativa |
|----------------------|--------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| Andalucía            | 3.521.802                      | 53.980                             | 1,56                               | 81.120                             | 2,36                               |
| Aragón               | 621.113                        | 1.361                              | 0,22                               | 11.578                             | 1,90                               |
| Asturias             | 388.976                        | 3.405                              | 0,88                               | 7.088                              | 1,86                               |
| Illes Balears        | 587.353                        | 62.884                             | 11,99                              | 18.027                             | 3,17                               |
| Canarias             | 938.977                        | 1.732                              | 0,18                               | 29.782                             | 3,28                               |
| Cantabria            | 235.453                        | 3.113                              | 1,34                               | 5.683                              | 2,47                               |
| Castilla y León      | 981.006                        | 5.532                              | 0,57                               | 15.820                             | 1,64                               |
| Castilla - La Mancha | 782.938                        | 5.204                              | 0,67                               | 13.128                             | 1,71                               |
| Cataluña             | 3.844.216                      | 37.403                             | 0,98                               | 80.046                             | 2,13                               |
| Comunitat Valenciana | 2.203.501                      | 17.833                             | 0,82                               | 62.237                             | 2,91                               |
| Extremadura          | 412.512                        | 3.722                              | 0,91                               | 3.111                              | 0,76                               |
| GALICIA              | 1.087.434                      | 8.038                              | 0,74                               | 19.099                             | 1,79                               |
| Madrid               | 3.779.323                      | 12.501                             | 0,33                               | 103.765                            | 2,82                               |
| Murcia               | 675.882                        | 8.810                              | 1,32                               | 15.551                             | 2,36                               |
| Navarra              | 313.192                        | 2.186                              | 0,70                               | 5.018                              | 1,63                               |
| País vasco           | 1.024.840                      | 2.401                              | 0,23                               | 11.124                             | 1,10                               |
| La Rioja             | 141.104                        | 623                                | 0,44                               | 3.760                              | 2,74                               |
| Ceuta                | 24.133                         | 48                                 | 0,20                               | 864                                | 3,71                               |
| Melilla              | 24.886                         | 219                                | 0,89                               | 336                                | 1,37                               |
| ESPAÑA               | 21.588.639                     | 230.993                            | 1,08                               | 487.134                            | 2,31                               |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Gráfico 2. Achega de cada comunidade autónoma na variación interanual da afiliación mensual (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3. Información por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,17 %, seguida de Ourense (1,9 %), Pontevedra (1,5 %) e Lugo (1,12 %).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do mes de marzo, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,74 %. Lugo é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do 1,06 %, seguida de A Coruña (0,8 %), Pontevedra (0,63 %) e Ourense (0,54 %).

#### Cadro 2. Evolución das afiliacións á Seguridade Social. Galicia e provincias

|            | Afiliación media Abril<br>2025 | Variación mes anterior<br>absoluta | Variación mes anterior<br>relativa | Variación ano anterior<br>absoluta | Variación ano anterior<br>relativa |
|------------|--------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| A Coruña   | 475.851                        | 3.788                              | 0,80                               | 10.107                             | 2,17                               |
| Lugo       | 126.151                        | 1.317                              | 1,06                               | 1.401                              | 1,12                               |
| Ourense    | 107.323                        | 574                                | 0,54                               | 1.996                              | 1,90                               |
| Pontevedra | 378.109                        | 2.359                              | 0,63                               | 5.596                              | 1,50                               |
| GALICIA    | 1.087.434                      | 8.038                              | 0,74                               | 19.099                             | 1,79                               |
| ESPAÑA     | 21.588.639                     | 230.993                            | 1,08                               | 487.134                            | 2,31                               |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 4. Información segundo o réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,57 % das afiliacións galegas en abril de 2025, aumentaron un 0,9 % con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento un 2,47 %. En España estas taxas foron do 1,21 % con respecto a marzo de 2025 e do 2,55 % en relación ao mes de abril de 2024. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,47 %).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, todas as provincias presentan unha taxa de variación interanual negativa: Lugo (-1,72 %), Ourense (-1,02 %), A Coruña (-0,27 %) e Pontevedra (-0,01 %). A media da comunidade galega sitúase entón no -0,49 %. Para este réxime e con respecto ao mes de marzo de 2025 soben as afiliacións en todas as provincias: Lugo (0,33 %), Pontevedra (0,24 %), Ourense (0,1 %) e A Coruña (0,09 %). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do 0,18 %. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,11 % e unha subida intermensual do 0,38 %.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a abril de 2024, todas as provincias presentan unha taxa de variación interanual negativa: Pontevedra (-4,28 %), A Coruña (-3,94 %) e Lugo (-3,92 %). A taxa galega acada entón o -4,17 %. Con respecto a marzo de 2025, baixan as afiliacións en A Coruña (-0,74 %) e Pontevedra (-0,57 %) mentres que soben en Lugo (1,51 %). A taxa galega é do -0,47 %. As taxas nacionais indican unha baixada interanual do 1,48 % e unha subida intermensual do 1,49 %.

### Cadro 3. Afiliacións por réximes e provincias

#### Total

|            | Afiliación media Abril<br>2025 | Variación mes anterior<br>relativa | Variación ano anterior<br>relativa |
|------------|--------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| A Coruña   | 475.851                        | 0,80                               | 2,17                               |
| Lugo       | 126.151                        | 1,06                               | 1,12                               |
| Ourense    | 107.323                        | 0,54                               | 1,90                               |
| Pontevedra | 378.109                        | 0,63                               | 1,50                               |
| GALICIA    | 1.087.434                      | 0,74                               | 1,79                               |
| ESPAÑA     | 21.588.639                     | 1,08                               | 2,31                               |

#### Réxime xeral

|            | Afiliación media Abril<br>2025 | Variación mes anterior<br>relativa | Variación ano anterior<br>relativa |
|------------|--------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| A Coruña   | 387.127                        | 0,98                               | 2,80                               |
| Lugo       | 93.947                         | 1,29                               | 2,17                               |
| Ourense    | 85.133                         | 0,65                               | 2,68                               |
| Pontevedra | 299.019                        | 0,76                               | 2,09                               |
| GALICIA    | 865.226                        | 0,90                               | 2,47                               |
| ESPAÑA     | 18.124.328                     | 1,21                               | 2,55                               |

#### Réxime especial de autónomos


|            | Afiliación media Abril<br>2025 | Variación mes anterior<br>relativa | Variación ano anterior<br>relativa |
|------------|--------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| A Coruña   | 83.625                         | 0,09                               | -0,27                              |
| Lugo       | 30.856                         | 0,33                               | -1,72                              |
| Ourense    | 22.190                         | 0,10                               | -1,02                              |
| Pontevedra | 67.496                         | 0,24                               | -0,01                              |
| GALICIA    | 204.168                        | 0,18                               | -0,49                              |
| ESPAÑA     | 3.402.198                      | 0,38                               | 1,11                               |

#### Réxime especial do mar

|            | Afiliación media Abril<br>2025 | Variación mes anterior<br>relativa | Variación ano anterior<br>relativa |
|------------|--------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| A Coruña   | 5.099                          | -0,74                              | -3,94                              |
| Lugo       | 1.348                          | 1,51                               | -3,92                              |
| Ourense    | 0                              |                                    |                                    |
| Pontevedra | 11.594                         | -0,57                              | -4,28                              |
| GALICIA    | 18.040                         | -0,47                              | -4,17                              |
| ESPAÑA     | 61.233                         | 1,49                               | -1,48                              |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Gráfico 3. Distribución das afiliacións galegas por réximes (%)**



*Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones*

## 5. Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridad Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridad Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>